



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

PUNTOS LIMPOS: AUTORIZACIÓN DE XESTOR DE RESIDUOS



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

Subdirección Xeral de Residuos
Servizo de Residuos

PUNTOS LIMPOS: AUTORIZACIÓN DE XESTOR DE RESIDUOS

01	Marco Normativo	04
02	Réxime de autorización	06
03	Procedemento de autorización	07
04	Obrigas posteriores á autorización	14



Marco Normativo

DIRECTIVA MARCO DE RESIDUOS (2008/98/CE)

Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a **rastrexabilidade** dos residuos en Galicia.

Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Regulamentos específicos para residuos perigosos, envases, residuos de construción e demolición, aceites, pilas e acumuladores, pneumáticos...



01

Marco Normativo

RESIDUO

- Calquera substancia ou obxecto que o se posuidor teña a INTENCIÓN ou a OBRIGA de desbotar.

RESIDUO DOMÉSTICO

- Residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considéranse tamén os similares xerados en servizos e industrias.
- RAEE, roupa, pilas, acumuladores, mobles e enseres xerados nos fogares.
- RCD de obras menores de construción e reparación domiciliaria.
- Os procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, animais domésticos mortos e vehículos abandonados.

RESIDUO COMERCIAL

- Residuos xerados pola actividade propia do comercio, por xunto ou por miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así coma do resto do sector servizos.



PUNTO LIMPO:

- Un espazo para a achega voluntaria de residuos que non poden ser eliminados por medio dos servizos convencionais da recollida de lixo, polo seu tamaño (residuos voluminosos) ou a súa composición (residuos perigosos).
- **Instalación pechada**, controlada e co **equipamento axeitado** para a recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de certos residuos domésticos.
- Centro de recepción e **almacenaxe selectivo** específico de residuos municipais que non son obxecto de recollida domiciliaria co obxectivo de facilitar a súa valorización ou xestión correcta. Estas instalacións son de uso de particulares e pequenos comercios de acordo coas **ordenanzas municipais**.



02

Réxime de autorización

Actividade de ALMACENAMENTO. Suxeita a AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA. Artigo 27 da Lei 22/2011.

Autorización da INSTALACIÓN e da ACTIVIDADE.


Tipo de operación de valorización de residuos (anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo):	R13 - Acumulación de residuos para sometelos a calquera das operacións enumeradas de R1 a R12 (con exclusión do almacenamento temporal previo á recollida no lugar da produción).	
Actividade de xestión:	Punto limpo.	
Descrición do proceso:	Almacenamento dos residuos entregados polos veciños do Concello (madeira, metais, vidro, tecidos, plásticos, RAEE, etc.)	
	Residuos perigosos	Residuos non perigosos
Capacidade máxima de almacenamento	17 t/ano	15 t/ano
Capacidade máxima puntual	2 t	68 t
Capacidade normal de almacenamento	90 t/ano	

Inscripción núm. SC-RP-P-XA-00000 e SC-I-NP-XA-00000 para residuos perigosos e non perigosos



<http://sirga.cmati.xunta.es/autorizacions-e-notificacions>

The screenshot shows the SIRGA website interface. The main navigation bar includes 'O SIRGA', 'TIPOS DE RESIDUOS', 'SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN SIX', 'LEXISLACIÓN', 'TRÁMITES', and 'SERVIZOS ELECTRÓNICOS'. The current page is 'Autorización e Comunicacions'. A sidebar on the left lists 'Trámites' such as 'Fianza ambiental', 'Taxas administrativas', 'Memoria e declaración anual', 'Estudo de minimización', and 'Traslados de residuos'. The main content area is titled 'Autorización e Comunicacions' and contains several sections: 'Producción de residuos', 'Xestión de residuos', and 'Actividade de transporte'. Each section contains a table with columns for 'Actividade de produción', 'Réxime', 'Procedementos', and 'Formularios'.



Tratamento de residuos

Actividade de tratamento	Réxime	Procedementos	Formularios
Valorización de residuos Almacenamento de residuos Eliminación de residuos	Autorización	Ficha_X	Anexo I-X Anexo II-X Anexo DR-X Anexo 6



AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TRATAMENTO DE RESIDUOS

OBXECTO

Autorizar as actividades de ALMACENAMENTO, VALORIZACIÓN ou ELIMINACIÓN de residuos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 10/2008, do 21 de abril, de residuos de Galicia.
- Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos (modificado polo Real decreto 952/1997, do 20 de xuño).
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.
- Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental.
- Orde do 20 de xullo de 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÓRGANO QUE TRAMITA

Servizo de Control da Xestión de Residuos e Calidade dos Solos - Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Formulario de solicitude de autorización (anexo I-X).
- Datos relativos a cada centro de traballo no que se vai realizar a actividade e, para cada tipo de operación, declaración do tipo de residuo e cantidade estimada de residuos que se ten previsto xestionar anualmente, coa súa identificación segundo o anexo III da Lei 22/2011, do 28 de xullo (só para residuos perigosos), e o anexo 1 da Orde/MAM/304/2002, do 8 de febreiro (anexo II-X). Deberase cumprimentar un anexo para cada centro, actividade de xestión e tipo de residuos xestionados.
- Declaración responsable do cumprimento das obrigas legais (Anexo DR-X).
- Número de identificación fiscal (NIF) da empresa ou, se é o caso, do solicitante (só persoas xurídicas).
- Acreditación da representación da persoa xurídica con copia da escritura notarial da representación debidamente inscrita no rexistro mercantil.
- **Certificados de destino** do xestor receptor dos residuos de saída da instalación de xestión.
- **Proxecto** que se axuste ao contido do anexo VI do Decreto 174/2005, do 9 de xuño (en papel e en formato dixital).
Para as actividades de eliminación de residuos en vertedoiros, a documentación técnica a presentar será a establecida na Orde do 20 de xullo de 2009.
- Xustificante do pago da **taxa** administrativa.

OUTROS DOCUMENTOS

- Para aqueles proxectos contemplados no anexo II do Real Decreto Legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, deberá presentarse **documento ambiental** (en papel e en formato dixital) segundo o apartado 1 do artigo 16, co contido mínimo seguinte:
 - A definición, características e localización do proxecto.
 - As principais alternativas estudadas.
 - Unha análise de impactos potenciais no medio.
 - As medidas preventivas, correctoras ou compensatorias para a axeitada protección do medio.

Ficha de tramitación do procedemento:

OBXECTO: Autorizar a actividade de ALMACENAMENTO

LEXISLACIÓN APLICABLE

ÓRGANO QUE TRAMITA: Servizo de Residuos.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

- ✓ **Documentación administrativa:** NIF, escrituras, acreditación de representante legal.
- ✓ Xustificante do pago da **taxa** administrativa.
- ✓ **Certificados de destino** do xestor receptor dos residuos de saída da instalación de xestión.
- ✓ **Declaración responsable** do cumprimento das obrigas legais.
- ✓ **Formularios** de solicitude de autorización.
- ✓ **Proxecto** que se axuste ao contido do anexo VI do Decreto 174/2005.
- ✓ Solicitude de inicio da **avaliación de impacto ambiental** simplificada por estar o proxecto contemplado no anexo II da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (no caso de puntos limpos de nova construción).



The screenshot shows the SIRGA website interface. The main navigation bar includes 'O SIRGA', 'TIPOS DE RESIDUOS', 'SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN SIX', 'LEXISLACIÓN', 'TRÁMITES', and 'SERVICIOS ELECTRÓNICOS'. The current page is 'Taxas administrativas'. A sidebar on the left lists 'Trámites' such as 'Autorizacións e notificacións', 'Fianza ambiental', 'Taxas administrativas', 'Memoria e declaración anual', 'Estudo de minimización', and 'Traslados de residuos'. The main content area shows a table with columns 'procedemento' and 'ficha resumo', listing 'Pagamento de taxas administrativas' with a 'Formato PDF' link.



Pagamento de taxas administrativas

- Obxecto**
As actuacións administrativas que se derivan da aplicación do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, están sometidas ao pagamento das taxas previstas na normativa tributaria da comunidade autónoma.
- Lexislación aplicable**
 - Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
 - Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da comunidade autónoma de Galicia.
- Modelo de auto liquidación de taxas**
O pagamento das taxas administrativas faise mediante o modelo de auto liquidación (tres exemplares autocopiativos), que se debe cubrir coa seguinte información:

Consellería:	MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	Código:	15
	SERVIZOS CENTRAIS (Santiago de Compostela)	Código:	13
	A CORUÑA	Código:	10
Delegación:	LUGO	Código:	20
	OURENSE	Código:	30
	PONTEVEDRA	Código:	40
Servizo:	CONTROL DE RESIDUOS	Código:	08

Taxa: denominación	Código	Importe a ingresar (€)
Autorización de xestor de residuos para actividades de almacenamento, valorización e/ou eliminación de residuos	32.52.03	691,85
Baixa da autorización de xestor de residuos para actividades de almacenamento, valorización e/ou eliminación de residuos	32.52.14	172,95
Modificación das autorizacións de xestores de valorización e eliminación	32.52.16	172,95
Modificación das autorizacións de xestores de almacenamento	32.52.17	43,26



Taxa: denominación	Código	Importe a ingresar (€)
Inscripción no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia: <ul style="list-style-type: none"> Pequeno produtor de residuos perigosos (<10 t/año) Produtor de residuos perigosos (>10 t/año) Produtores de residuos non perigosos (>1.000 t/año) Transportista profesional de residuos perigosos e de residuos non perigosos Negociante para residuos perigosos e para residuos non perigosos Axente para residuos perigosos e para residuos non perigosos Produtores de residuos non perigosos inertes Produtores de lodos de depuradora con destino agrario 	32.52.04	172,95
Baixa da inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia	32.52.15	43,26
Ampliación de inscricións no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia	32.52.06	43,26
Autorización de traslado transfronteirizo de residuos	32.52.13	172,95
Autorización e prórroga dos sistemas individuais de responsabilidade ampliada do produtor	32.52.18	172,95
Autorización e prórroga dos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor	32.52.19	691,85

O modelo de auto liquidación das taxas pode solicitarse en calquera unidade administrativa da Xunta de Galicia, ou ben descargalo da páxina web <http://www.atriga.es/web/atriga/a-axencia-tributaria-de-galicia/servizos/programas-de-axuda-e-confecion-online-de-formulorios> no apartado de Taxas e prezos.

4. Onde se paga

En calquera das entidades financeiras colaboradoras da Xunta de Galicia, ou ben a través dos servizos telemáticos na páxina web <http://www.conselleriadeafacenda.es/> >>> Oficina Virtual Tributaria >>> Servizos de Acceso Libre >>> Entrar na Oficina Virtual >>> Taxas, Prezos, Multas e Sancións >>> Pago Telemático de Taxas e Prezos.

NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou obrigas que non se atopen contemplados na regulamentación específica.

Última modificación: novembro 2015

TAXAS

Datos xerais: <http://sirga.cmati.xunta.es/taxas-administrativas>

Código: 32.52.03

Concepto: Autorización de xestor de residuos para actividades de almacenamento, valorización e eliminación de residuos.


Importe: 691,85 euros

Declaración responsable do cumprimento das obrigas legais ([Anexo DR-X](#)).
Certificados de destino do [xestor](#) receptor dos residuos de saída.



03

Procedemento de autorización




A **capacidade normal** refírese ao sumatorio da cantidade de cada residuo que estiman tratar anualmente (t/ano).


A **capacidade máxima da instalación** refírese a capacidade máxima de residuos que podería tratar no punto limpo a máximo rendemento durante un ano (t/ano).

A **capacidade máxima puntual de almacenamento** refírese á cantidade de residuos que podería almacenar de xeito puntual na instalación estando esta completamente chea (t). Diferenciando entre residuo perigosos e non perigosos.

Proxecto que se axuste ao contido do [anexo VI](#) do Decreto 174/2005, do 9 de xuño.




Flujograma 2 Flujograma en planta.




Proxecto de explotación

- 1 RECEPCIÓN
 - 2 DEPÓSITO
 - 3 RECOGIDA
- Iglú Papel / cartón
 - Iglú Envases ligeros
 - Iglú Vidrio
 - Contenedor 1100 l
 - Contenedor metálico papel y cartón
 - Big bag
 - Contenedor 20 m³



Flujograma 3 Flujograma almacén cubierto.





03


Procedemento de autorización


 Sinalizada.


 Peche perimetral.


 Caseta de almacenamento de residuos perigosos e RAEE.


 Zonas de almacenamento de residuos non perigosos:

 Colectores metálicos de gran capacidade para almacenamento de madeira, plástico, residuos voluminosos, entullos...

 Colectores mais pequenos para papel e cartón, envases lixeiros, vidro...


 Con soleira de formigón e impermeabilizada.

 Debe contar con sistema de recollida de derrames.

 Os residuos deben estar correctamente etiquetados.

Deben ter colectores axeitados para o almacenamento dos residuos perigosos e RAEE:

- Bidóns ou GRG para líquidos: aceites de motor, aceites vexetais, disolventes
- Colectores: aerosois, envases perigosos, pilas, baterías, RAEE (lámpadas)



Documentación administrativa e técnica correcta

Visita de inspección

Depósito da fianza ambiental. (*Orde do 16 de xaneiro de 2007, pola que se fixan os criterios de cálculo para a determinación da fianza nas actividades determinadas no Decreto 174/2005 do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia*).

Tendo en conta que se o punto limpo é xestionado directamente polo Concello están exentos.

**RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E
AVALIACIÓN AMBIENTAL.**



04 Obrigas posteriores á autorización

Obrigas dos xestores dos puntos limpos:

- Cumprimento das **CONDICIÓNS impostas na resolución de autorización**
 - **Arquivo cronolóxico das actividades:** O titular deberá dispor dun arquivo onde se recollan por orde cronolóxica a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, segundo o establecido no artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e no artigo 10 do *Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos*.
 - **Presentación de información:** O titular deberá presentar, segundo o [modelo oficial](#), unha memoria resumo anual da información contida no arquivo cronolóxico, referida ao ano natural anterior, antes do 1 de marzo.
 - [Plataforma GAIA](#)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

MOITAS GRAZAS

Subdirección Xeral de Residuos

San Lázaro, s/n - 15781 Santiago

residuos.pla@xunta.es

residuos.rexistro@xunta.es



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA